

Data	20/06/2018		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:20h
Asisten	<ul style="list-style-type: none">• Presidenta: Olga Alonso Suárez• Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez• Secretario: Pedro Mª Vázquez Iglesias- Sector docente:<ul style="list-style-type: none">• Antonio Madrid Riskey• Anxos Collazo Trigo• Santiago Rodríguez Sánchez• María Teresa Freijido Román• Eudosia Deza Soto• Cristina López Lobariñas- Sector usuarios/as:<ul style="list-style-type: none">• Mª Jesús Granja Pereira• Mª Bertila Fernández Pérez• Lois García Rodríguez- Sector social:<ul style="list-style-type: none">• José Manuel Rodríguez Lago• Antonio Vázquez Vázquez		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none">• Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez• Sector docente: Purificación Bernárdez Álvarez• Sector docente: Eugenio de la Iglesia Delgado• Sector docente: Rafael Lestón Vázquez• Sector docente: Agostiño Nieto• Sector usuarios: Mª del Carmen Rivas Corbacho• Sector usuarios: Luisa Rivas García• Sector usuarios: Yolanda González Larrañaga• Sector usuarios Fernando Vázquez González• Sector usuarios: Hadriana Prado Lorenzo• Sector social: Pilar Álvarez Rey• Sector social: Luis Vilán Crespo• Sector social: Xabier Pérez Igrexas		

Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: Isabel López Lorenzo •Sector social: María José Ramos Martínez •Sector social: Non hai representante de ensinanzas artísticas •Sector social: José Álvarez Carpintero •Sector social: M^a Teresa García Durán
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

- 1.- Lectura e aprobación da Actas anterior, se procede.
- 2.- Informe da Presidenta do CEMV
- 3.- Informes das Comisións de Traballo
- 4.- Propostas de mocións:
 - Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a proposta de nova zonificación escolar de Vigo.
 - Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o cambio de denominación do CEIP “Virxe do Rocío”
 - Moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a non instalacións de antenas wi-fi nos centros de ensino.
 - Moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre humanización, mantemento integral, seguridade e intervención socio-educativa no entorno do Ceip Ramón y Cajal “Picacho”, Educación Permanente de Adultos (EPA) e o albergue municipal
 - Moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a adopción das medidas oportunas para garantir unha educación inclusiva.
 - Moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o servizo de limpeza nos centros de ensino
 - Moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a continuidade do proxecto de signos do Ceip Escultor Acuña

- Suxestión de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de comunicación e coordinación entre diferentes Concellarías.

5.- Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase aprobar as acta da Xuntanzas Plenarias celebrada o 25 de abril de 2018

2.- Informe da presidencia

A Presidenta informa de que na Xunta de Goberno Local do 14 de xuño se aprobou a relación definitiva de 750 alumnos/as de 3º ESO que participarán en “VIGO EN INGLÉS 2018”, e que partirán entre a 2ª quincena de setembro e a primeira semana de outubro de 2018. Informa de que o xoves 28 de xuño celebrárase a xuntanza co alumnado e familias.

Explica que tamén foron aprobadas as listas definitivas de adxudicación das prazas para a Rede de Escolas Infantís Municipais para o curso 2018/19. Resultan 621 prazas repartidas entre as diferentes escolas. Lembra que está previsto que no ano 2019 se poña en funcionamento en Bembrive con 82 prazas unha Escola Infantil Municipal construída pola Fundación Amancio Ortega e que será xestionada polo Concello de Vigo.

Informa de que o 30 de Abril se asinou o convenio de colaboración coa Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e comarca (FOANPA) para o ano 2018. En canto a UNED de Vigo, di que o número de matrícula é cada vez maior, das 13 titulacións ofertadas a máis demandada é Psicoloxía, con 204 solicitantes, seguida de Dereito con 152 e ADE con 90. Comunica que tamén está funcionando moi ben a aula de estudio da UNED

3.- Informes das Comisións de Traballo

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA:

Santiago Rodríguez presenta o informe:

Desde o último Pleno ordinario a Comisión de Equipamentos continuou traballando na zonificación. Membros desta Comisión están integrados nunha Mesa de Traballo promovida por FOANPAS da que deriva un documento conxunto acordado por diferentes

organizacións da Comunidade Educativa de Vigo sobre a zonificación. Ademais tratáronse os seguintes temas: Antenas wifi nos centros, limpeza dos colexios, situación do CEIP Ramón y Cajal e Albergue Municipal e cambio de nome do CEIP Virxe do Rocío.

Santiago explica que o documento elaborado na mencionada Mesa de Traballo recolle os aspectos negativos e algunhas alternativas ao borrador de proposta que de forma incompleta presentou a Administración aos sectores aos que a presentou. Explica que nese mesmo día o Xefe Territorial lles comentou que ata novembro ou decembro non lles entregará unha proposta. Olga Alonso comenta que se o teñen pensado entregar en novembro ou decembro vaise a repetir a mesma penosa situación que o ano pasado. Santiago dixo que cando lles dixo o de novembro que lles faláron da inestabilidade que causaba nas familias abrir novamente o debate tan preto do período de admisións, e el dixo que non pasaba nada, que non era un problema. Antonio Vázquez apunta que ademais hai que ter en conta que se está en período preelectoral, co que carece totalmente de sentido. Santiago explica que el lle solicitou que o mandaran en prazo para que a este órgano lle dera tempo a poder analizar e dar unha resposta con tempo, ao que o Xefe Territorial lle contestou que os prazos os marcará o propio CEMV. Santiago di que lle lembrou que cando foi o cambio do Celso Emilio de CPI a CEP, non se respectou iso, os prazos marcounos a Administración e aínda que o informe do CEMV chegou 1 ou 2 días despois de que se iniciara o proceso, eles xa tiñan a decisión tomada, sen escoitar a este órgano. Santiago di que non lles deu tempo para final de curso, pero que pensa que as organizacións que integran a Mesa deberían convocar para setembro unha concentración para reclamar a necesidade da reestruturación da zonificación con tempo e diálogo.

INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa dedicou todos os seus esforzos durante o curso 2017-2018 a organizar as xornadas de convivencia e deporte “Convive Xogando”. Todo o programa estaba pechado para que se desenvolveran os pasados 28, 29 e 30 de maio no Auditorio Municipal.

Lamentablemente non tivemos o poder de convocatoria esperado, tan só un centro educativo apuntou a un grupo de 1º da ESO. Unha semana antes do evento, decidiu abrirse a convocatoria a 5º e 6º de Ed. Primaria e aínda así non se obtivo a resposta esperada. Ante esta situación decidiuse cancelar a actividade.

CAUSAS DA ESCASA RESPONSA

- Data pouco apropiada, próxima ao final do curso, cando as actividades complementarias xa están programadas.
- Escaso tempo de difusión. Difundiuse 20 días antes da actividade o que non da

moito tempo a programar e organizar a actividade no centro. Non dá tempo a aprobalo no Consello Escolar do Centro.

- Falta de implicación dos propios membros do CEMV na difusión da actividade.
- Atrancos burocráticos
- Falta de difusión nos medios de comunicación da actividade.
- Falta interese pola temática
- Público destinatario escollido puido non ser o acertado. Valorar se sería máis axeitado enfócalo a Ed. Primaria

OBXECTIVO PRÓXIMO CURSO

Esta Comisión, dado esforzo realizado e as ilusións postas na actividade, considera imprescindible que estas xornadas non queden no esquecemento, e que se programen para o curso 2018-2019, no primeiro ou segundo trimestre, e se difundan con tempo suficiente para que a convocatoria sexa exitosa. Todos os relatores entenderon a situación pola que se cancelaba a actividade e temos o seu compromiso para participar nela en caso de que se decida programar de novo.

Anxos Collazo di que as actividades se deberían programar cun tempo maior, xa que nos centros educativos hai un programa que se elabora a inicio do curso e logo é moi difícil encaixar outras actividades. Pensa que é preferible envialo a inicios do curso. A Presidenta explica que a relación do Departamento de Educación é moito máis fluída cos centros de Primaria que cos de Secundaria pero tamén é verdade que se ofertan actividades en pleno curso a secundaria e que son moi ben acollidas, como por exemplo a exposición que hai no MARCO sobre Julio Verne. Pensa que tampouco é unha actividade tan complexa como para ter que ser aprobada no Plan Xeral do curso, polo que non cree que sexa imprescindible enviala xa ao inicio do curso. Di que desde o departamento se puxeron en contacto cos centros de Ed. Primaria pero xusto coincidiu coas datas da avaliación diagnóstica. Ao final non houbo máis opción que cancelar a actividade. En canto a difusión, hai que dicir que chegou a tódolos centros, que as canles son as mesmas que se usaron sempre. Tamén se falou coa Concellaría de deportes e se enviou a 200 institucións deportivas. Pero é posible que as datas non foran as indicadas. Jose Manuel Rodríguez di que hai que darlle unha volta, que ao mellor hai que facer unha xornada de deporte, algo máis lúdico, e aproveitar para facer alí as xornadas. Di que en canto a falta de implicación dos membros do CEMV, que desde logo pola súa parte pide desculpas porque non puido asistir a demasiadas xuntanzas organizativas, e asume parte da culpa. M^a Jesús Granja di que en canto aos relatores, queren saber a que obedeceu o cambio de última hora de Antón Piñeiro por Sergio González. Di que a Comisión se deu conta cando saíu o programa , que ninguén lles consultou nada nin saben de onde partiu a decisión. Olga Alonso di que seguro que a última hora pasou algo pero que os dous son

do Club 6 do Nadal e que o importante é que houbera a representación deste Club. M^a Jesús di que eles escolleran a figura de Antón Piñeiro non porque fora do 6 do Nadal senón porque foi profesor e estivo moi implicado co deporte na zona. Di que se atoparon co cambio cando no borrador que se aprobou no último Pleno aparecía Antón Piñeiro e no programa final non. Olga Alonso di que supón que cando presentou o programa que houbo algún problema pero non o lembra, pero que ela estaba convencida que o que interesaba era a agrupación 6 do Nadal. Bertila Fernández di que houbo moito traballo detrás por parte da comisión, para sacar isto adiante e que había un programa consensuado por todos, e polo propio Pleno, e a eles dóelles que despois do esforzo realizado, que se se quere facer un cambio polo menos non se consulte co grupo de traballo. Gustaríalles saber cal é o criterio que anula a decisión consensuada dun grupo de persoas, e se agora non a lembra gustaríalles que se fixera a consulta de porque se cambiou e que nolo comentara no próximo Pleno.

4.- Propostas de mocións:

- **Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a proposta de nova zonificación escolar de Vigo.**

TEXTO:

A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa reclama da Administración educativa:

1. A renovación da zonificación escolar de Vigo, apoiada nun diálogo construtivo que atenda aos intereses da comunidade educativa e do ensino público da cidade.

1.1. De forma urxente, a entrega dun documento completo coa proposta de zonificación de servizos educativos e complementarios non máis tarde do mes de setembro deste ano, para a súa valoración polo Consello Escolar Municipal, baseado nas seguintes liñas mestras

- a. Criterios de proximidade e cohesión, prazas públicas suficientes para unha escolarización con axeitada continuidade e poboación escolar suficiente para todos os centros en cada unha das zonas.
- b. Servizos complementarios suficientes en todas as zonas que se establezan.
- c. Reorganización da distribución de ensinanzas e adscricións de centros que conxugue os criterios anteriores.

2. A elaboración dun mapa escolar de recursos, necesidades e previsións para acadar unha maior perspectiva na política educativa.

Jose Manuel comenta que para el o borrador que se presentou é moito mellor opción que

a proposta vixente, polo que non pode estar de acordo co que se plantexa nesta moción. Di que o único que non lle gustou do borrador foi que algúns centros, Maristas, Salesianos,... teñen os límites de zona moi cerca polo que alumnos que están a 50 metros non poderían acudir ao centro pero, polo demais, pensa que está ben. Pensa que o traballo feito polos inspectores foi bo, e a comunicación cree que non foi mala, que cos directores de centros concertados e públicos se reuniron dúas veces. Houbéralle gustado ter o borrador en papel pero nada mais. Bertila explícalle que a realidade é que a comunidade educativa da escola pública está vivindo unha realidade moi diferente á visión que ten el. Olga Alonso lembra que o Xefe Territorial saíu en prensa dicindo que en Pontevedra tardara dous anos e que se reunira coa Concelleira. En Vigo a Concelleira foi chamada un día, a última hora, e o primeiro que se lle preguntou é que lle parecían algúns centros para poder pechalos, e iso non é falar de zonificación. E o tempo que se lle dedicou á zonificación desta cidade foi moito menor. Pensa que a cidade se merece un respecto e se merece un diálogo. Hai xente que pode estar de acordo, pero hai unha parte da comunidade educativa moi grande que está en total desacordo e merece ser escoitada. Lembra que en ningún momento se minusvalora o traballo que fixeron os técnicos, do que se queixan é das formas.

Antonio Vázquez di que con respecto ao traballo que presentou a Consellería, pode haber moito traballo detrás pero realmente é bastante pobre. En segundo lugar, para el, un documento deste tipo ten que ter un calendario, non é suficiente con que se reúna con algún colectivo, se plantexen queixas e estas non obteñan resposta. Continúa dicindo que non lle parece serio que despois do que pasou, non saiban se ese documento existe ou non, que no mes de febreiro “desapareza” o documento e que agora se volva a falar de novembro. Neste tempo houbo prazo suficiente para reunirse con toda a comunidade educativa e polo contra o que se fixo foi deixar de falar do tema. Di que na súa opinión existe e estano utilizando por detrás, e exemplo disto son os alumnos de Navia que van ir a Valadares e a ampliación que se fixo nun Instituto de Teis onde se ampliou o Bacharelato o que pode supor a desaparición do Bacharelato noutro centro. Comenta que non ten sentido que se volva a dicir que en novembro, xa que vai volver pasar o mesmo. Lembra que el si estivo na anterior zonificación, que el era director dun instituto, e que daquela houbo reunións cos directores, houbo diálogo, e daquela ata apareceron centros de nova creación como o de Valadares. Naquel momento si houbo un estudo a fondo e agora o que hai é un recorta e pega. E en canto ao que dixo a Concelleira, entre o estudo que se fixo en Pontevedra e o que se fixo en Vigo na opinión de Antonio non hai punto de

comparación. E logo está todo o que xa prexudicou que saíra aquel borrador. A centros como o San Salvador causoulle un descenso na matrícula, porque os pais vendo que poden quedar sen transporte, por medo non matriculan alí os fillos. O que fai a Administración e ir deixando que certos centros morran. A día de hoxe, cando aínda non está aprobado xa está causando problemas. Santiago Rodríguez, para centrar o tema lembra que o que se vai votar nesta moción non é aquel borrador da zonificación, senón que o Pleno do CEMV reclama que se renove a zonificación, que se faga conforme a estes criterios, que se entregue un documento non máis tarde do mes de setembro e que se dialogue coas partes implicadas.

Acordo

Apróbase a moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a proposta de nova zonificación escolar de Vigo con 11 votos a favor e 1 voto en contra.

- **Moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o cambio de denominación do CEIP “Virxe do Rocío”**

ANTECEDENTES:

O CEIP Virxe do Rocío iniciou no ano 2012 un proceso participativo que conduciría ao cambio da súa denominación, coa aprobación do claustro e do Consello Escolar.

Finalmente pola súa parte, o 27 de abril de 2017 o colexio dirixiu ao Concello unha solicitude de informe favorábel sobre o nome elixido, CEIP O Resío, recuperando o microtopónimo orixinal, documentado até a década de 1950.

Da solicitude, con fundamentación documentada anexa, enviou copia á Alcaldía, Educación e Normalización sen que se recibise o informe solicitado, que non pode ser outro que favorábel, á vista da xustificación e do consenso acadado na comunidade educativa, para poder continuar coa tramitación do cambio de denominación.

TEXTO:

O Pleno do CEMV insta ao Concello de Vigo a emitir informe favorábel sobre o cambio de denominación do CEIP Virxe do Rocío para CEIP O Resío, no prazo máis breve posíbel coa fin de poder iniciar o novo curso escolar coa denominación adoptada e con toda a documentación actualizada.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción de Santiago Rodríguez Sánchez, Conselleiro polo sector docente CIG-E a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o cambio de denominación do CEIP “Virxe do Rocío”

- **Moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a non instalacións de antenas wi-fi nos centros de ensino.**

ANTECEDENTES

Segundo o Colexio Oficial de Biólogos/as de Galicia, a exposición a radiacións electromagnéticas non ionizantes (REMNI) e a súa relación con diferentes tipos de enfermidades (como o cancro) fundaméntase en estudos científicos publicados en revistas de investigación e en revisións científicas, así como tamén en informes de distintas institucións como a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa ou a International Agency for Research on Cancer, pertencente á OMS.

Nos centros de ensino existen instalacións de internet por cable, que se está a substituír pola implantación de internet inalámbrico, o que supón a colocación de antenas no entorno do centro, co risco que esta exposición a ondas electromagnéticas supón para as crianzas e para toda a comunidade educativa das escolas.

A proximidade a antenas de telefonía móbil ou a exposición a redes inalámbricas deben ser obxecto de regulación. É necesario adoptar o principio de precaución, tal e como define a Ley 33/2011, General de Salud Pública, que identifica de maneira específica as emisións electromagnéticas como un risco para a saúde e indica que se deben levar a cabo accións de protección da saúde que se rexerán polos principios de proporcionalidade e precaución.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle traslade á Administración correspondente (Xunta) que, como medida de prevención, non instale antenas WIFI nos centros de ensino, e que faga un plan de retirada progresiva das que non sexan imprescindibles, para evitar que as ondas electromagnéticas teñan incidencia na saúde das crianzas e das demais persoas da comunidade educativa.

José Manuel comenta que esta moción pode prexudicar aos centros educativos, xa que ter internet a día de hoxe é imprescindible. En moitos centros trabállase con tablets, e estas traballan coa wifi. Está claro que todas as precaucións son boas, pero hai moitos estudos que din que a wifi non ten ningunha incidencia negativa na saúde, que é un sinal de radiofrecuencia de intensidade moi baixa. Pensa que renunciar á wifi é dar un paso atrás na educación. Olga no mesmo sentido di que hai que recoñecer que a Administración leva feito unha inversión moi potente nos centros para que a conexión sexa boa, xa que esta está a converterse en imprescindible. Di que no seu centro puxeron unha desas antenas fóra e que desde entón internet vai moi ben pero o certo é que non saben se será moi prexudicial ou non. Jose Manuel pregunta se ao que se están referindo nesta moción é ás antenas wifi que hai dentro dun centro ao que a conexión chega por cable ou ADSL ou se pola contra se están referindo a antenas de transmisión

de datos mais potentes que é a solución pola que se opta nos centros afastados. María Jesús di que realmente falan das segundas, e mostra como exemplo as seguintes imaxes dun centro:



Jose Manuel di que neste caso entón hai un erro na moción, xa que iso que se mostra na imaxe non é wifi. E que nese caso si que non ten datos de se pode ser prexudicial para a saúde. Propón que se faga un cambio na moción para que se quite a referencia ás antenas wifi e se refiran so a este tipo de antenas, que son as que realmente preocupan á comunidade educativa. Santiago, ademais de quitar a referencia ás wifi, propón que se solicite un plan de prevención de riscos. Procédese á votación da moción modificando o texto que quedaría así:

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle traslade á Administración correspondente (Xunta) que, como medida de prevención, non instale antenas nos centros de ensino, e que faga un plan de prevención

de riscos e un plan de retirada progresiva das que non sexan imprescindibles, para evitar que as ondas electromagnéticas teñan incidencia na saúde das crianzas e das demais persoas da comunidade educativa.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a non instalacións de antenas wi-fi nos centros de ensino

- **Moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre humanización, mantemento integral, seguridade e intervención socio-educativa no entorno do Ceip Ramón y Cajal “Picacho”, Educación Permanente de Adultos (EPA) e o albergue municipal**

ANTECEDENTES

Como vimos constatando nos últimos meses, a convivencia entre os/as usuarios/as do albergue municipal e as comunidades educativas do CEIP Ramón y Cajal “Picacho” e da EPA (Educación de Persoas Adultas) é complicada.

Tomáronse algunhas medidas para melloralas pero continúa habendo conflitos e certas situacións de perigo.

A situación das persoas en exclusión social é froito do fracaso social, do fracaso de políticas educativas, da escaseza de emprego, da falta de ofertas para que os/as cidadáns teñan ferramentas para a súa formación. Non hai que abandonalos, hai que facer visible a súa situación pero non a costa da formación dos nenos, das nenas e dos/as adultos/as.

TEXTO

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle ao Concello de Vigo:

- Que se realice unha humanización e mantemento integral do entorno no que se faga fincapé na iluminación, limpeza, colocación de bancos, zonas verdes, anulación das escaleiras dende a Casa do Mar á entrada do espazo ... Todo aquilo que dignifique unha zona da cidade que pasa de ser un punto de conexión natural da cidade co mar a unha zona degradada polo abandono das institucións.
- Que se faga unha intervención educativa e social cos usuarios do centro que lles permita a inserción na sociedade de maneira digna.
- Que se aumente a seguridade no entorno, xa que hai conflitos continuos coa veciñanza nas rúas Marqués de Valterra, Jacinto Benavente e todos os accesos á Avda. Beiramar nesa zona.
- Que se estude a posibilidade de cambiar o acceso dos usuarios do albergue.

Bertila Fernández explica que cada vez a situación é máis crítica no barrio e está afectando en especial a este centro educativo. O profesorado está traballando moi ben para que os nenos non se vexan afectados, pero o certo é que o ambiente que hai é terrible. E insiste

no que xa dixeron no último Pleno, esta situación non está provocada polo Albergue, senón pola actividade de tráfico de droga que se xera en torno a el. O problema non son os usuarios do albergue senón os traficantes. É por iso que esixen que se tomen medidas xa, que se fagan actuacións que dignifiquen a zona e que se nomee un interlocutor de peso no Concello para que coordine todas as intervencións solicitadas, que cada unha corresponde a unha Concellería diferente.

Olga explica que houbo dúas reunións no Concello, nas que participaron as diferentes Concellerías afectadas. Di que ela non puido asistir, pero que está ao corrente das medidas que se tomaron a raíz destas: asignáronse 4 coidadores de barrio á zona, reforzáronse puntos de luz, déuselle unha atención especial á limpeza, estase facendo unha obra de humanización e remodelación da zona, reforzouse a seguridade con 2 patrullas da policía local en quendas de mañá e tarde e incluso se solicitou incorporar á Policía Nacional. Explica que ela ten prevista unha xuntanza coa dirección do Picacho e da El Santa Marta.

Bertila di que a Comunidade Educativa está desesperada, que xa son tres anos loitando e facendo peticións sen ter moito froito. Pensan que é preciso que ademais das actuacións na zona se faga unha intervención na xestión do Albergue e facer un cambio de entrada deste para que non coincida coa dos nenos e nenas.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre humanización, mantemento integral, seguridade e intervención socio-educativa no entorno do Ceip Ramón y Cajal "Picacho", Educación Permanente de Adultos (EPA) e o albergue municipal

- **Moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a adopción das medidas oportunas para garantir unha educación inclusiva.**

ANTECEDENTES

Dende FOANPAS consideramos que este é o momento de dar un salto cualitativo cara a unha educación pública inclusiva e de calidade para todos e todas, na que non se realice distinción algunha en razón de procedencia, cor, sexo, lingua, relixión, diversidade funcional, diversidade física, diversidade intelectual, orixe social ou calquera outra condición.

A Convención sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU recoñece o dereito a unha educación inclusiva que permita o desenvolvemento pleno do seu potencial humano, do seu sentido da dignidade e da súa autoestima. Con elo lograrase que estas

persoas “participen de maneira efectiva nunha sociedade libre”.

Non cabe dúbida dos avances acadados nos últimos anos neste eido, pero non é suficiente, tal e como indica o recente informe sobre a vulneración do dereito á educación de nenos e nenas en relación ao seu cumprimento da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidades realizado polo Comité das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (publicado o 29 de maio de 2018).

Foron anos de traballo e investigación nos que o Comité observou que *“sobre o dereito á educación inclusiva, considera que o dereito á educación é o dereito de todas as persoas a aprender nun sistema educativo deseñado tendo en conta as necesidades de todas as persoas, incluídas as persoas con discapacidade, onde todos os centros educativos acollen a todos os estudantes, independentemente das súas condicións físicas, intelectuais, sociais, lingüísticas ou outras. Non só se trata de brindar unha educación de calidade, senón tamén de cambiar as actitudes de discriminación e os sistemas discriminadores, para crear sociedades inclusivas, que respecten e valoren as diferenzas e a dignidade de todas as persoas por igual. (...) Para atender adecuadamente as diversas necesidades educativas que presenten os estudantes, de modo que poidan desenvolver a súa personalidade, aptitudes e capacidades ata o máximo da súas posibilidades, débense garantir os apoios e axustes necesarios”*.

O Comité considera, entre outras cuestións, que o Estado debe:

1. *Definir claramente a inclusión e os seus obxectivos específicos en cada nivel de ensino.*
2. *Contemplan a educación inclusiva como un dereito, e non só como un principio e que todo o estudiantado con discapacidade teña o dereito de acceso ás oportunidades de aprendizaxe inclusivo no sistema educativo xeral, sen importar as súas características persoais con acceso aso servizos de apoio que se requiran.*
3. *Eliminar a excepción da educación segregada na lexislación educativa, incluíndo a avaliación psicopedagóxica e o ditame de escolarización.*
4. *Incluír unha cláusula de non rexeitamento para estudantes por razóns de discapacidade, establecendo claramente que a denegación do axuste razoable constitúe discriminación.*

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle exixa á Administración Educativa que teña en conta as recomendacións feitas polo Comité das Nacións Unidas e tome as medidas oportunas para garantir o dereito á educación inclusiva de calidade a todo o alumnado.

Jose Manuel di que para el a inclusión é fundamental pero que ten que haber algúns límites. Comenta que hai nenos que son casos extremos, con trastornos severos, e que mantelos na aula cos demais pode ser prexudicial para eles mesmos e para os outros nenos. Que non sempre imos poder incluír a estes nenos no transcurso normal da aula. M^a Jesús di que se está a facer nalgúns centros con éxito, e que se nestes está a funcionar, a Administración debería garantir que funcionase no resto tamén. Lembra que esta recomendación faina un comité da ONU. Santiago di que para que isto se leve a

cabo teñen que cambiar moitas cousas en canto a recursos humanos, coñecementos dos docentes, dotacións,... que hai que facer moitos cambios, que son imprescindibles. Antonio Madrid di que de feito o que se está a facer a día de hoxe é a costa do sobreesforzo do profesorado, e como di Santiago, habería que dotar de mais persoal, recursos,... aos centros para que se puidera facer unha inclusión real.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a adopción das medidas oportunas para garantir unha educación inclusiva.

- **Moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o servizo de limpeza nos centros de ensino**

ANTECEDENTES

A limpeza nos centros de ensino é un factor fundamental para garantir a saúde e o benestar das crianzas. Por iso, esta ten que desenvolverse dunha maneira excelente, mantendo limpos todos os espazos do centro, repoñendo materiais de limpeza (papel hixiénico, xabón, etc.).

Neste curso, téñense recibidas numerosas queixas ao respecto deste servizo:

- Diminución do número de persoal de limpeza e do número de horas: isto supón que as persoas encargadas de realizar a limpeza nos centros non a dean feito ao completo nin con garantías, xa que hai espazos que non se limpan coa periodicidade axeitada.
- Horario: o persoal de limpeza realiza o seu traballo cando fóra do horario lectivo pero os baños dos colexios ensúciense e móllanse durante toda a mañá o que provoca que a última hora se convertan en lugares moi sucios e contaminados (ouriños e papeis mollados), afectando especialmente ao horario do comedor.
- Comedor: A limpeza e desinfección de cadeiras, mesas e superficies de traballo do comedor, espazos que están no centro educativo e que precisan especial atención, debe ser efectuada polo persoal da empresa adxudicataria do servizo de limpeza.
- Canlóns: No prego de condicións do concurso de limpeza (capítulo X: DEFICINIÇÃO DE SUPERFICIES A LIMPAR, punto 20.- LIMPEZAS EN ALTURA) di: “Débese garantir que a tarefa de limpeza exterior de xanelas, fachadas, cubertas, etc., se executa co menos risco posible para os operarios,...” do que se interpreta que tamén se inclúe a limpeza de canlóns. Polo tanto esta debe ser efectuada pola empresa adxudicataria do servizo.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle traslade á Administración correspondente (Concello) a situación para que tome as medidas necesarias para garantir a boa limpeza e desinfección dos centros de ensino.

Olga Alonso explica que estivo revisando o contrato coa empresa Mantelhor, que é a adjudicataria, e o número de horas en xeral neste curso aumentou, se ben é certo que algúns centros aumentaron o espazo. O Concello como responsable da limpeza dos centros, o que pide é que os centros estean limpos, independentemente do número de horas que se lle dedique a cada centro. O que se lle pide a empresa é que poña os recursos e medios necesarios par que iso se cumpra. O Concello en ningún momento lle esixe unhas horas, e aos centros educativos tampouco debería importarlles o número de horas que se inviste senón que estea limpo o centro. O que sucede é que nos colexios se acaba tendo unha relación co persoal de limpeza, e que é normal que estas se queixen se lles reducion as horas, pero o realmente importante para o bo funcionamento do centro non é iso. O importante é que o centro estea en condicións de limpeza axeitadas. Di que hai unha empresa que fai unha auditoría externa que fai avaliación da calidade do contrato de limpeza e que verifican 250 puntos de limpeza. Explica que ata a data se inspeccionaron 20 centros nos que se deduce que a calidade do servizo é óptima e que só en 2 centros houbo que corrixir a deficiencias observadas nos baños. Di que no resto dos centros os baños presentaban un nivel de limpeza óptimo e en diferentes horas. Explica que tamén se formou a persoal do servizo municipal de educación especificamente para a supervisión e inspección directa da prestación do servizo, e ademais neste intre están a realizarse enquisas telefónicas a todos os equipos directivos sobre os niveis de satisfacción e cumprimento de estándares de calidade.

En canto aos horarios de limpeza, este é fora do horario lectivo, pero si que houbo un cambio con respecto ao contrato anterior no que se especificaba que esta debía facerse entre as 18h e as 22h. Iso cambiouse para que estas traballadoras poidan empezar máis cedo e marchar máis cedo pensando no seu horario e tamén na súa seguridade, e que non estean soas no centro de noite. Normalmente están en horario de actividades extraescolares.

Comenta tamén que a raíz de que se presentara esta moción xa na Permanente, estivo averiguando e decatouse que no prego entran as limpezaas de canlóns, que ela pensaba

que non entraban. Di que neste curso xa limparon os canlóns en 5 centros: Ceip Valadares-Sobreira, Ceip Sárdoma Moledo, Ceip Illas Cíes, Ceip Bembrive Chans e Ceip Travesas Altamar e quedan pendentes de programar 2 limpeza de canlóns nos centros educativos Ceip Valadares-Igrexa e Ceip Calvario A Doblada.

En canto á limpeza do espazo do comedor, explica que teñen que sentarse e velo ben porque a empresa di que non coincide a información que ten Mantelnor e a que ten Foanpas, e que hai ver ben cales son as funcións de cada unha. Bertila comenta que a eles llo deixou ben claro a inspectora de sanidade, que as coidadoras poden recoller as potas e limpar por encima unha mesa, pero a desinfección obrigatoria diaria das zonas en contacto cos alimentos ten que facela persoal con formación específica e con produtos especializados para tal fin.

Santiago Rodríguez di que aínda que o prego teña unha vixencia de 2 anos, habería que intentar deixar todo claro xa e intentar subsanalo se houbo algún erro.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o servizo de limpeza nos centros de ensino

- **Moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a continuidade do proxecto de signos do Ceip Escultor Acuña**

ANTECEDENTES

O CEIP Escultor Acuña é un centro de matriculación preferente de alumnado xordo. Dada esta circunstancia, no ano 2012 decidiron poñer en marcha un proxecto pioneiro no que inclúen a lingua de signos como unha materia máis.

A mestra encargada do proxecto estaba no centro nunha comisión de servizos, pero este curso non está xa que marchou para o centro no que ten praza definitiva. Polo tanto, este curso 17/18 quedaban sen mestra responsable do proxecto.

Sabendo isto, a dirección do centro no mes de marzo de 2017 puxo esta situación en coñecemento do inspector agardando unha resposta. Durante este curso dende a Administración non teñen corrixida esta circunstancia, non enviando ao centro un/ha docente con coñecementos en lingua de signos.

As consecuencias disto son que o proxecto está paralizado e o alumnado que ten a materia de lingua de signos como materia de libre configuración non está a ter clase desta materia, polo que será complicado avaliala.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

Que se lle esixa á Administración Educativa que asigne a praza a un/ha mestre/a capacitado e formado para continuar co proxecto, favorecendo así a comunicación entre todo o alumnado do centro e mellorando a convivencia do mesmo.

Santiago Rodríguez informa de que que nese mesmo día lle pediron na Xunta de Persoal que a vacante que hai de Primaria que sexa con perfil de linguaxe de signos. María Teresa Freijido di que cando foi a mesa sectorial na que se negociaron as prazas de atención preferente, desde UXT tamén pediron unha PT con lingua de signos e con toda a información das necesidades que hai no centro, proxectos, premios,... para que quedase constancia non so da necesidade senón da traxectoria e en principio parecía que a Administración tiña predisposición pero logo ao final non houbo moito entendemento. Santiago di que para impartir esa materia ten que ser alguén de Primaria, que non valería de PT. M^a Teresa explica que eles o fixeron vendo que non se conseguía mestre, para tratar de presionar e conseguilo aínda que fora dun xeito transversal, pero nada. Olga lembra que cando se fala de inclusión se fala tamén disto. Se no centro hai alumnado que usa unha linguaxe distinta, o lóxico é que os demais nenos poidan comunicarse con eles. A labor non pode ser soamente cos nenos que teñen a necesidade senón co resto dos nenos para que a inclusión sexa real.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a continuidade do proxecto de signos do Ceip Escultor Acuña

- **Suxestión de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de comunicación e coordinación entre diferentes Concellarías.**

FOANPAS, suxire ao Concello de Vigo que:

Haxa unha comunicación fluída entre as diferentes concellerías e se coordinen para ofrecer mellores servizos, tanto educativos, como deportivos, como culturais.

Bertila di que o que demandan non é que haxa colaboracións puntuais, que saben que existen, senón que haxa un proxecto conxunto para a mocidade, infancia,...Olga explica que xa están traballando conxuntamente con todas as Concellerías, e pon varios exemplos. Con Cultura están colaborando levando aos centros á exposición de Julio

Verne, con Benestar Social no cine inclusivo, e na participación de asistentes sociais nos consellos escolares de centro. E máis di que levan anos apostando para que nos consellos escolares participen persoal do Concello doutras concellerías e que estean relacionados cos nenos: cultura, xuventude,...Co Servizo de Normalización Lingüística no Certame de Regueifas, Quedada Literaria, Tendal de Follas Novas, Correlingua, encontros escolares galaicos-portugueses, co Servizo Municipal de Medio Ambiente colaboran nos Roteiros, Día dos Humidais, alimentación saudable “Sanifiesta”, “Come Rico-Vive San”, “Dále valor ao Peixe”, cos Bombeiros na Charla sobre plans de autoprotección e visitas ao Parque de Bombeiros, coa Policía Local co Programa de Educación Vial no Parque Infantil de tráfico do Castro PIT, Equipo de prevención do Concello de Vigo e o Plan Local sobre drogodependencias e outras adiccións, con Fomento as obras nos centros, con Seguridade o tema das entradas e saídas dos centros, o tema de Camiña o cole, no que participaron diferentes concellarías,... Di que probablemente fai falta máis pero si que se está colaborando. Bertila reitera que todo iso está fenomenal, pero o que demandan e un paso máis, e pon o exemplo do “Camiña ao cole” que no escultor Acuña funcionou pero quedou parado. Di que foron a mobilidade a falar deste tema porque ademais hai outro centro que quere polo en marcha e que alí deriváronos a Educación,... Desde as ANPAs suxeriron que os cuidadores de barrio colaboraran nestas rutas ao cole, e dixéronlle que iso tiñan que ir a outra Concellaría a solicitalo. Explica que para eles o ideal é que o programa fora unha aposta do Concello e que alí se traballara internamente para que cando se fora a solicitar, os cidadán non tiveran que ir dun lado para outro. O ideal sería aforrar o traballo de ter que ir Concellaría a Concellaría pedindo a cada unha un recurso. Olga di que está claro que as cousas aínda poden funcionar mellor, pero que se queden coa idea de que hai moita colaboración.

Jose Manuel quere deixar constancia de que pola súa parte e pola de moitos dos centros concertados, nunca tiveron un Concello que escoite tan ben e que atenda ás súas peticións coma este. Que está de acordo con Foanpas en que é bo que se simplifique o traballo á cidadanía, pero quería aproveitar a ocasión para agradecer o traballo que se fai.

Acordo

Apróbase por unanimidade a suxestión de FOANPAS a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a necesidade de comunicación e coordinación entre diferentes Concellarías.

5.- Rogos e preguntas

Bertila di que a ANPA do Carballal se puxo en contacto con eles para falar do tema da auga xa que non teñen comunicación de cómo vai evolucionar todo isto, teñen algunhas fontes pechadas e teñen que estar comprando a auga para os nenos, e polo menos precisan unha resposta de cómo está a situación. Olga explica que o caso deste centro é que está no final do colector e que agora que se está facendo o patio cuberto, se intentará aproveitar para cambiar a conexión.

A Presidenta agradece a presenza a todos e en especial ao representante do alumnado Lois García xa que este é o seu último día como membro do CEMV. Sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 20:20h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez